

# IES RIBEIRA DO LOURO

Ribeira s/n – Torneiros. 36410 O PORRIÑO

Tel.: 986 33 39 56 – Fax: 986 33 37 84

XUNTA DE GALICIA – CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E UNIVERSIDADE

## Proceso de Admisión de Alumnado ESO/BACHARELATO (2024/25)

### 1) NORMATIVA REGULADORA

- [Decreto 13/2022, do 3 de febreiro](#), polo que se regula a admisión de alumnado en centros docentes sostidos con fondos públicos que imparten ensinanzas de segundo ciclo de educación infantil, de educación primaria, de educación secundaria obrigatoria e de bacharelato reguladas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación.
- [Orde do 21 de outubro de 2022](#) pola que se desenvolve o Decreto 13/2022, do 3 de febreiro, polo que se regula a admisión de alumnado en centros docentes sostidos con fondos públicos que imparten ensinanzas de segundo ciclo de educación infantil, de educación primaria, de educación secundaria obrigatoria e de bacharelato reguladas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación (códigos de procedemento ED550A, ED550B e ED550C).

### 2) PRAZO DE PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES

Dende o **1 ata o 20 de marzo de 2024**

### 3) CENTROS ADSCRITOS

- CEIP Plurilingüe Antonio Palacios
- CEIP da Cruz-Budiño
- CEIP da Ribeira
- CPR Santo Tomás

# IES RIBEIRA DO LOURO

Ribeira s/n – Torneiros. 36410 O PORRIÑO

Tel.: 986 33 39 56 – Fax: 986 33 37 84

XUNTA DE GALICIA – CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E UNIVERSIDADE

## 4) NOTA INFORMATIVA

### ➤ **ALUMNADO DO CENTRO**

O alumnado do centro ten garantía de permanencia. Por tanto, **non ten que presentar solicitude de admisión neste centro**. No caso de que presente solicitude de admisión noutro distinto deberá comunicalo, ao mesmo tempo, ao centro de orixe (IES Ribeira do Louro).

### ➤ **ALUMNADO PROCEDENTE DUN CENTRO ADSCRITO**

O alumnado dos centros adscritos **non ten que presentar solicitude de admisión se presentou a solicitude de reserva de praza no seu centro de orixe**.

No caso de que sexa admitida a reserva de praza no IES Ribeira do Louro, só se poderá presentar solicitude de admisión para un centro distinto se renuncian por escrito á praza reservada antes do 1 de marzo.

### ➤ **ALUMNADO SEN PERMANENCIA NIN RESERVA**

O alumnado sen permanencia nin reserva **deberá presentar solicitude de admisión entre o 1 e o 20 de marzo**.

Cada alumna e alumno **só pode presentar unha única solicitude no centro no que solicite praza en primeiro lugar**. Se presenta máis dunha solicitude en centros distintos estará cometendo unha infracción que determinará a perda dos dereitos de prioridade que poidan corresponderlle.

No caso de que a demanda de prazas nalgún curso sexa maior que a oferta, a dirección abrirá un prazo para presentar a documentación xustificativa dos méritos alegados na solicitude de admisión, que serán avaliados conforme aos criterios de admisión establecidos na normativa aplicable. Ademais, deberán presentar unha copia do anexo II presentado anteriormente.

# IES RIBEIRA DO LOURO

Ribeira s/n – Torneiros. 36410 O PORRIÑO

Tel.: 986 33 39 56 – Fax: 986 33 37 84

XUNTA DE GALICIA – CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E UNIVERSIDADE

## 5) ÁREA DE INFLUENCIA DO CENTRO:

Centros públicos adscritos de educación primaria por área de influencia:

- CEIP CRUZ-BUDIÑO:
  - Parroquia de Budiño
  
- CEIP ANTONIO PALACIOS:
  - Parroquia de San Salvador de Torneiros ata a vía do tren cara o casco urbano delimitada pola estrada PO-331 (O Porriño – Gondomar) incluíndo os barrios de A Relva, A Florida, A Mota, O Contrasto e A Abeleira e delimitada pola ruta de transporte escolar establecida na actualidade.
  
  - Por outra banda está formada cos límites establecidos polos polígonos residenciais 1, 2 e 5 da parroquia de San Rosendo de Torneiros.
  
- CEIP DA RIBEIRA:
  - Parroquias de Mosende, Pontellas e Chenlo.
  
  - Polígonos residenciais 3 e 4 da parroquia de San Rosendo de Torneiros.